

Pleno Extraordinario do Comité 04/10 - 12 de marzo de 2010

Celébranse dous Plenos Extraordinarios, un para a modificación do Regulamento e outro para a elección do Presidente do Comité. Tras un pequeno debate, acéptase por unanimidade a proposta de CCOO de realizar en primeiro lugar o de modificación do Regulamento.

O Pleno Extraordinario xa estaba solicitado con anterioridade á dimisión do presidente porque había tres propostas de modificación: as tres primeiras que se trataron.

Antes deste Pleno houbo varias reunións para tratar de desbloquear a situación actual do Comité, sen Presidente tras a súa dimisión. O único candidato proposto non acadou os 3/4 dos votos, necesarios para saír elixido. Neste proceso CCOO achegou unha proposta de modificación do Regulamento que en realidade era un novo Regulamento. A CIG, manifestou sempre que para nós valía o Regulamento que se viña adoptando desde facía máis de 20 anos e que o noso obxectivo era que funcionase o Comité con normalidade e que estabamos dispostos a facilitar que iso sucedera. Como non houbo consenso foi polo que se realiza este Pleno.

Pleno de modificación do Regulamento do Comité

1.- Proposta da CGT. Pretende que o Regulamento recolla a participación de tódalas forzas sindicais na Comisión de Xestión.

CIG sempre defendemos a participación de tódolos sindicatos con presenza no Comité en tódalas Comisións. Para a de Xestión, o Convenio establece que hai que ter unha representatividade do 10%.

Acórdase que o Comité se dirixa á empresa para solicitar a presenza de tódolos sindicatos na Comisión de Xestión, o resultado da xestión tratarase nun Pleno Ordinario. CGT está de acordo.

2.- Proposta de AST. Presenta un texto sobre asembleas, que dende o noso punto de vista non é nada claro polo que dende a CIG pídeselle a AST que aclare a proposta en canto a que tipo de asembleas se refiren, dentro ou fora de horario, de centro de traballo... AST di que se refiren as asembleas de Comité e o que piden é ampliar dereitos e que non se dean malas interpretacións do Regulamento.

Nós estamos a favor das asembleas, sempre as defendemos e somos quen máis veces as propuxemos, e este dereito está recollido no Regulamento actual, se ben na nosa opinión non se está a cumprir pois non se fai información unitaria e de clase. Co mesmo Regulamento téñense celebrado múltiples asembleas tanto xerais, fora do centro e horas de traballo; como de centro, no centro de traballo e en horario laboral.

Tendo en conta que a celebración de asembleas de Comité fora de horas de traballo cando o solicitan os traballadores está recollido no Estatuto, que a celebración das asembleas de Comité en horas de traballo está nas mans da empresa, que o Regulamento actual obriga á comunicación unitaria e de clase e polo tanto deberan celebrarse dentro ou fora de horas de traballo e non se fai: non nos parece que a proposta aporte dereitos e moito menos claridade ao Regulamento. Vótase co seguinte resultado:

- A FAVOR – 4 (AST + CGT + STC)
- EN CONTRA – 13 (CCOO e UGT)
- ABSTENCIÓNS – 2 (CIG)

Rexéitase a proposta.

3.- Proposta de CIG. A nosa proposta é manter o Regulamento actual, polo que non se pasa a votación ao debaterse propostas de modificación.

Desde a CIG entendemos que o Regulamento serve e que a responsabilidade do mal funcionamento ou do bloqueo do Comité, non está no Regulamento senón nas persoas que pretenden bloquealo ou que non funcione. Por outra banda, ningún Regulamento pode garantir nin a ausencia de bloqueos nin o bo funcionamento do Comité.

4.- Proposta de STC. Pretende a inclusión no Regulamento de garantías de celebración de Plenos e Permanentes en ausencia de Presidente e/ou Secretario. CCOO di que vai votar en contra porque ten unha proposta que ampara practicamente o mesmo. Faise un receso no que intentan consensuar as dúas propostas con resultado negativo.

Xa no Pleno, dende a CIG intentamos achegar as dúas propostas pois as dúas pretenden o mesmo, evitar o bloqueo vivido nos meses do verán. Sobre o texto de CCOO fanse as correccións que entendemos aproximan as dúas propostas. CCOO acepta as modificacións propostas, non así STC que solicita se vote a súa proposta, o resultado foi:

- A FAVOR – 4 (STC + AST + CGT)
- EN CONTRA – 13 (CCOO e UGT)
- ABSTENCIÓNS – 2 (CIG)

Rexeitase a proposta.

5.- Proposta de CCOO. Días atrás CCOO presentou unha proposta de modificación do Regulamento que propoñía un texto novo, moi diferente ao actual. No Pleno CCOO retira a súa proposta de Regulamento novo e presenta dúas propostas de modificación: unha que pretende garantir o funcionamento do Comité en ausencia de Presidente e/ou Secretario, aceptando as modificacións introducidas a iniciativa da CIG no punto anterior, e outra que pretende rebaixar de 3/4 a 2/3 os votos necesarios para a elección de Presidente, Secretario e modificación do Regulamento.

STC di que non apoia a proposta porque non garante todas as posibilidades de non celebración de Pleno ou Permanente. AST di que o redactado non está claro é que preferían a proposta de STC.

Dende a CIG explicamos que aceptamos a modificación do Regulamento só para desbloquear o Comité e permitir que poida funcionar. Como as dúas propostas buscan ese obxectivo, propoñemos que se fundan nunha, ademais nun novo receso modifícase a iniciativa nosa a 2ª proposta no sentido de manter nos 3/4 os votos necesarios para a modificación do Regulamento.

Por riba de disputas con outros sindicatos debemos poñer a función do Comité como órgano de representación dos traballadores, para a defensa dos seus dereitos; polo tanto permitiremos, co noso voto a favor, esta modificación para desbloquear a situación actual. O resultado da votación é o seguinte:

- A FAVOR – 15 (CCOO, UGT, CIG)
- EN CONTRA – 4 (AST, STC, CGT)
- ABSTENCIÓNS - 0

Apróbanse as modificacións ao acadar os 3/4 dos votos favorables.